



Retribucións 2020

www.cig-ensino.gal

Táboas actualizadas a febreiro de 2020

(Incorporan a suba do 2% que non estaba incluído na orde de confección de nóminas de xaneiro pero que se prevé cobrar a partir de febreiro)

RETRIBUCIÓN BÁSICAS

Concepto	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PTFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€1.040,69	€1.040,69	€1.203,56	€1.203,56
Complemento de destino	€513,71	€632,60	€632,60	€757,72
Complemento específico	€646,36	€646,36	€646,36	€700,61
Titoría e outras funcións docentes	€47,34	€47,34	€47,34	€47,34
Total	€2.248,59	€2.367,48	€2.530,35	€2.709,73
Trienios	€37,78	€37,78	€46,32	€46,32

IPC Galego: Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora

Cargos

Tipoloxía de centro	A	B	C	D
Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial				
Dirección	€564,64	€511,12	€369,91	€273,50
X. de Estudos e Secretaría	€196,47	€184,61	€178,69	€131,29
X. Dep. de Orientación, Coordinación ENDL, CRA, responsable de centros menos de 3 unidades				€72,01
Centros de Educación Secundaria, FP e Réxime Especial				
Dirección	€688,97	€593,44	€537,21	€486,33
<i>O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo: 4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%</i>				
Vicedirección, X. Estudos e Secretaría	€303,09	€297,22	€214,23	€184,61
X. de Departamento, Coordinacións, EPAPU e ENDL				€72,01
Complemento para Mestres/as no 1º Ciclo da ESO				€118,92

Outros postos de traballo

Membro dun Equipo de Orientación Específico	€303,09
CAFI-CEFORES. Dirección	€593,44
CAFI-CEFORES. Asesoría	€303,09

Sexenios

1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
€64,26	€82,62	€110,18	€156,06	€45,89

Pagas Extraordinarias

A paga extra componse do **salario base recortado** (Grupo A2: 759€ e grupo A1 : 742,70€), os **trienios recortados** (Grupo A2: 27,54€ e grupo A1 : 28,59€) e o resto dos **conceptos retributivos completos** (destino, específico, titoría, cargos).

Descontos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2
Pasivos*	€111,90	€88,07
Muface*	€48,99	€38,56
Cota obreira	Segundo base de cotización (persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011)	
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal	

*Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e MUFACE é dupla

As contas non cadran: o timo da recuperación salarial

A verdade é que hai que recoñecerlles aos diferentes gobernos que xogan cos nosos salarios a habilidade para embarullar ao profesorado, e aos empregados e empregadas do sector público en xeral, co fin de provocar despiste coas subas salariais destes dous últimos anos. Por momentos non sabemos se estamos nunha distopía ou nun thriller de guiión enrevesado con continuos saltos temporais para provocar no espectador (todas e todos nós) unha confusión que remate co fastío de quen pretenda saber se nos están estafando ou se nos contan toda a verdade.

No guiión colaboran necesariamente moitos medios de comunicación: se cada vez que recollen nun titular que nos van subir o soldo ou o ben que nos recuperamos dos recortes da crise, isto acontecese de verdade, teríamos que pedir que non nolo subiran máis por decencia. Como é obvio, despois están os cómplices: aquelas organizacións sindicais que, non sabemos a cambio de que, asinan todo o que lles poñen diante e despois venden o produto como un crecepelo milagreiro.

Quen, como a CIG-Ensino, fomos totalmente críticos cos dous últimos acordos retributivos temos que cubrir, practicamente en solitario, o labor de desmontaxe da mentira para que quen manchou as mans con acordos que nos hipotecan, teñan diante súa un espello no que se mirar e, se aínda teñen algo de vergoña, preguntarse “por que chegamos a estes acordos?”

Dous acordos retributivos, a mesma farsa

No mes de xaneiro publicouse no BOE a actualización dos nosos salarios para 2020, cun incremento do 2% que percibiremos seguramente na nómina de febreiro mais con carácter retroactivo desde xaneiro. Este incremento correspóndese co último prazo da hipoteca que asinaron por todas e todos nós CCOO, UGT e CSIF en Madrid co goberno Rajoy. A maiores dese incremento na nómina de xaneiro xa nos incluíron, malia que sexa difícil de detectar, 25€ brutos no Complemento Específico, polo terceiro e cómodo prazo da hipoteca galega do acordo retributivo docente asinado por CCOO e UGT.

É moi importante, para non caer no engano, para que teñamos toda a información que nos fagamos unha pregunta: **POR QUE NOS SOBEN O SALARIO?** Se non o facemos, se damos por boa calquera suba e o único que nos interesa é que a nómina sexa algo superior á do ano pasado, sen mirar de onde vimos e os recortes que padecemos, está claro que quen nos vendeu conseguiu o seu obxectivo.

Fagamos contas: 2010-2020, como estamos despois do aumento salarial do Estado?

Non podemos nin debemos esquecer que toda comparativa salarial que fagamos debe partir do momento do “delito”. 2010 foi o ano no que o goberno Zapatero decidiu cumprir fielmente os ditados da Unión Europea e a metade de ano meteu unha tallada dunha media do 5% dos salarios dos e das empregadas públicas do Estado. Esa media no caso dos **corpos docentes foi superior e chegou mesmo ao 7%**. Porén, nos cálculos que empregamos usamos exclusivamente cifras medias. Isto é, o que perdemos como profesorado nesta década foi superior aos datos que figuran nas comparativas deste CIG-Infirma, xa que nelas incluímos todos os corpos e categorías profesionais da Función Pública do Estado.

Segundo datos oficiais do INE **a evolución dos prezos entre o ano 2010 e o 2019** (xa con datos interanuais de decembro) supuxo **un incremento do prezo da vida do 12,70%**. É dicir, para que a nosa carteira non se vise afectada nesta década e puidésemos ter o mesmo poder adquisitivo que no ano 2010 as nosas nóminas terían que aumentar esa porcentaxe desde a nómina de xaneiro daquel ano.


Na comparativa final hai que a ter en conta a suba do 2% desde xaneiro e a previsión do IPC até finais de ano. Neste caso as diferentes entidades non coinciden nos seus prognósticos. A Fundación FUNCAS afirma que o IPC do 2020 (que se pecha en decembro) pode variar desde o 0,9% até o 1,7%, mais fixando como previsión máis probábel o 1,3%. Por tanto a evolución do IPC desde 2010 chegaría ao 14,18% a finais deste ano. Tendo en conta esa cifra e o aumento nos nosos soldos neste ano o resumo final desde 2010 a 2020 será dunha **perda de poder adquisitivo dun 11,09%**.

Do que podemos estar practicamente seguros é de que **non habrá neste ano ningunha suba adicional** vinculada ao acordo estatal. No texto daquel acordo figuraba que se o PIB español de 2019 era superior ao 2,1% habería unha pequena suba a maiores do 2% no 2020 (un 0,20%). No momento de elaborar este informe o PIB está no 1,9% e con previsión á baixa.

Non o di só a CIG-Ensino: tamén quen asinou o acordo galego recoñece que non valeu para equipararnos co Estado


Un recente informe **publicado por UGT** (tamén outros dous sindicatos estatais deron a coñecer informes semellantes) evidencia o que a CIG-Ensino non se cansou de repetir durante a farsa da negociación do acordo galego no remate de curso do 2018/19. Aquel acordo, que parecía feito á medida dunha organización sindical e dun goberno, ambos necesitados de vender algún tipo de xestión de cara ao profesorado, foi feito exclusivamente baixo unha premisa: **A EQUIPARACIÓN SALARIAL DO PROFESORADO GALEGO CO DO RESTO DO ESTADO**. Tal foi así que houbo unha negativa rotunda a falar de **poder adquisitivo perdido, de redución de horarios lectivos ou de recuperación das pagas extras recortadas desde 2013 a 2016**.

Diferenzas retributivas unha vez completada a suba de 90€ en xaneiro de 2021. Cálculo medio con docentes sen antigüidade dos corpos de PES e Mestres. Téñense en conta as actuais retribucións das demais CC.AA. sen contar con posibles incrementos no resto das CC.AA. até esa data.



Como demostramos co estudo feito pola CIG-Ensino durante a “negociación” e confirman agora análises feitas por outros sindicatos, mesmo por un dos asinantes (UGT,) o profesorado galego segue como estaba. É certo que nos 4 cómodos prazos pactados o noso salario subirá 90€ brutos (xaneiro 2021)

Evolución IPC-Salarios 2010-20



mais nesa altura a nosa “posición” nese suposto **ranking estatal seguirá igual que está**. E isto sen ter en conta posibles subas salariais de aquí en diante no resto das CC.AA.

Non está ben pretender enganar o profesorado: non nacemos onte

O que nos parece insultante é ver como algún dos sindicatos asinantes do acordo galego fan sumas e sumas de todos os pequenos incrementos salariais para ver se así son quen de convencernos de que temos as mellores subas posibles e que, practicamente, nadamos na abundancia.

Sumar a suba estatal (1,75% no 2018, 2,50% no 2019 e 2% no 2020), feita como dixemos para a recuperación do poder adquisitivo perdido desde 2010, coa suba do Específico Docente (do que levamos cobrados agora mesmo 60€ brutos) é un insulto á intelixencia de todas e todos nós. Quen se preocupa de sumar tanto debe ter claro que, por separado, cada un deses acordos non hai por onde collelos.

Con todo, animamos a todo o profesorado a un exercicio ben simple: calculemos un incremento do 9,8% sobre a nosa nómina de xaneiro de 2010 e despois miremos a primeira nómina deste 2020 ordinaria (sen atrasos), que é de supoñer que será a de marzo. Fagamos a comparativa sen ter en conta os trienios, sexenios ou cargos que poidamos ter agora e non tiñamos no 2010. Aí teredes a constatación da estafa. En cómputo anual, e contando todas as subas habidas e por haber, **o salario dunha mestra terán subido a finais de 2020 un 5,44% e o dunha profesora de secundaria un 3,28%**. Nada máis e nada menos que **un 4,36% e un 5,52% de recorte non recuperado no corpo de mestres e no de PES** respectivamente.

Feijóo, á cabeza da débeda co funcionariado no Estado

Galiza mantense neste momento como a única comunidade autónoma na que os cartos das pagas extras dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016 non se lle devolveron ás empregadas e empregados públicos. A maioría das CC.AA. non fixeron eses recortes a partir de 2013 e Cataluña aprobou no ano 2019 a devolución gradual das pagas extras recortadas.

Manterá o novo goberno español o recorte nas pagas extras?

O anterior goberno do PSOE en solitario mantivo no ano 2019 as pagas extras recortadas en dous conceptos que dependen do Estado, o salario base e os trienios. Este recorte aplicouno tamén o PSOE no ano 2010 e mantívoo o PP durante todo os anos seguintes.

A eliminación deste importante recorte non estivo presente no vixente acordo salarial de Madrid de 2018 nin aparece en ningún documento coñecido do novo goberno, o que nos fai pensar que non teñen intención de introducir cambios neste 2020 e así podermos recuperar as pagas extras íntegras. A CIG trasladará esta demanda á nova Ministra de Política Territorial e Función Pública. Agardemos que os sindicatos estatais que en ningún momento puxeron esta devolución como demanda prioritaria rectifiquen.

Facendo contas cos datos do que serán as extras deste 2020, unha mestra con 8 trienios manterá un recorte anual de 728,08€ mentres que para un docente de secundaria con esa mesma antigüidade o recorte chegará aos 1.241,04€ anuais.

RECORTES ANUAIS NAS PAGAS EXTRAS (DOCENTE CON UN TRIENIO)					
SUBGRUPO A1	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra 2020	Diferenza en cada extra	Recorte anual soldo	RECORTE ANUAL NAS EXTRAS
	1.203,56 €	742,70 €	460,86 €	921,72 €	
	Trienio ordinario	Trienio nas pagas extras	Recorte por trienio na extra	Recorte anual trienios	957,20 €
	46,32 €	28,58 €	17,74 €	34,48 €	
SUBGRUPO A2	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra 2020	Diferenza en cada extra	Recorte anual soldo	RECORTE ANUAL NAS EXTRAS
	1.041,20 €	759,00 €	282,20 €	564,40 €	
	Trienio ordinario	Trienio nas pagas extras	Recorte por trienio na extra	Recorte anual trienios	584,86 €
	37,77 €	27,54 €	10,23 €	20,46 €	

O profesorado substituto, penalizado un ano máis

Por noveno ano consecutivo o profesorado substituto que traballou máis de cinco meses e medio seguirá sen ter dereito a cobrar os meses de verán como expresamente se recolle no “acordo” suscrito por outras organizacións sindicais e a Consellaría de Educación. Ese cobro dos meses de verán foi un logro da loita co colectivo de persoal interino na folga convocada no ano 2007 ao que nestes anos renunciaron de feito as propias organizacións que deron respaldo a aquel acordo. (A CIG-Ensino non a asinou porque, tal e como denunciou o propio colectivo de persoal interino en folga non se cumpriu o outro obxectivo fundamental que nos levou ás mobilizacións: a incorporación dunha cláusula de estabilidade para, como mínimo, o persoal de maior idade ou maior antigüidade). Lamentamos que nestes nove anos se fosen incorporando diferentes addendas ao acordo de persoal interino sen que as organizacións asinantes non fixesen nada ao respecto. Neste ano 2020 a Lei de Orzamentos da Xunta volve incorporar a negativa a ese pago, nun claro incumprimento dos motivos que o propio goberno galego fixou para perpetrar aquel recorte.